



APELIDOS, NOME

D.N.I.

AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE POSTOS DE TRABALLO MEDIANTE CONTRATACIÓN LABORAL FIXA.
(DOG: 24-03-2015)

CATEGORÍA: MÉDICO XERAL

PARTE COMÚN

ADVERTENCIAS:

- Non abra este cuestionario ata que llo indiquen.
- Para abrir o cuestionario, introduza a man no caderno e, cun movemento ascendente, corte pola parte dereita do caderno (vexa a figura esquina inferior dereita).
- Se observa algunha anomalía na impresión do cuestionario, solicite a súa substitución.
- Escriba os seus datos persoais no recadro superior.
- O tempo de realización deste exercicio é de **15 minutos**.
- Este cuestionario consta de 10 preguntas máis 2 preguntas de reserva. As preguntas deste cuestionario deben ser contestadas na "folla de exame" entre os números 1 e 12.
- En cada pregunta existe unha e só unha resposta correcta.
- Todas as preguntas de cada exercicio teñen o mesmo valor.
- As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas cun cuarto do valor asignado á contestación correcta.
- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "folla de exame" é o que corresponde ao número de pregunta do cuestionario.
- Só se terán en conta as respostas marcadas na súa "folla de exame" que se lle entrega xunto co caderno.
- Este cuestionario pode utilizarse na súa totalidade como borrador.
- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán do cuestionario bilingüe, prevalece este último para os únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución poderán expresarse de maneira unívoca.
- Non se permite o uso de calculadora, libro nin documentación ningunha, móbil nin ningún outro elemento electrónico.
- Se terminou de realizar o seu exercicio, advírtallo á organización para que lle recolla este cuestionario e a "folla de exame", da que se lle entregará a terceira copia. Malia o anterior, se acaba durante os 5 últimos minutos do tempo límite fixado para realizar o exercicio, permanecerá no seu asento ata que se lle recollan os anteriores documentos.

– **SOBRE A FORMA DE CONTESTAR NA «FOLLA DE EXAME», LEA MOI ATENTAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO SEU DORSO.**

– **ESTE CUESTIONARIO DEBERÁ SER DEVOLTO COMPLETO AO FINALIZAR O EJERCICIO.**

ABRA SOAMENTE CANDO O INDIQUE O TRIBUNAL

APERTURA

1. Conforme a Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, os servizos sanitarios, así como os administrativos, económicos e calquera outro que sexa preciso para o funcionamento do Sistema de saúde, adecuarán a súa organización e funcionamento aos principios de:

- A) Eficacia, celeridade, economía e flexibilidade.
- B) Eficiencia, economía e flexibilidade.
- C) Eficacia, economía e flexibilidade.
- D) Eficacia, eficiencia, economía e flexibilidade.

2. O dereito á protección da saúde atópase recollido na Constitución no artigo:

- A) Núm. 42.
- B) Núm. 44.
- C) Núm. 43.
- D) Núm. 45.

3. Cal das seguintes funcións que a continuación se indican non é propia dos servizos de transfusión?

- A) A responsabilidade da planificación e execución da política hemoterápica, que facilita a promoción do sangue no seu ámbito de actuación.
- B) Desenvolver tarefas de investigación nas funcións que teñan encomendadas.
- C) A promoción da doazón e da plasmaférese voluntarias.
- D) Participar nos programas de formación do persoal sanitario vinculado á hemoterapia.

4. Sen prexuízo doutros casos, segundo a Lei orgánica 15/1999, de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos de carácter persoal que fagan referencia á orixe racial, á saúde e á vida sexual só poderán ser solicitados, tratados ou cedidos cando...

- A) Existan razóns especiais para facelo.
- B) Existan razóns de interese xeral ou o dispoña unha lei.
- C) As Cortes o determinen por medio dunha lei orgánica.
- D) Se declare o estado de excepción

5. O quebranto da reserva dos datos do centro ou a intimidade persoal dos usuarios e a información do seu proceso e estancia nas institucións ou centros sanitarios é unha falta disciplinaria de carácter:

- A) Leve.
- B) Grave, se hai encubrimiento e consentimento.
- C) Grave.
- D) Moi grave.

6. Que órgano se encarga de definir os proxectos estratéxicos do Servizo Galego de Saúde?

- A) A Consellería de Sanidade.
- B) O Comité Executivo do Servizo Galego de Saúde.
- C) A Xerencia do Servizo Galego de Saúde.
- D) O seu consello de dirección.

7. Como se estrutura o Estatuto de autonomía de Galicia?
- A) Un título preliminar, cinco títulos e sete disposicións adicionais.
 - B) Un título preliminar, cinco títulos, sete disposicións adicionais e catro disposicións transitorias.
 - C) Un título preliminar, cinco títulos e catro disposicións transitorias.
 - D) Un título preliminar, cinco títulos, catro disposicións adicionais e sete disposicións transitorias.
8. De acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, a creación, modificación ou supresión dos ficheiros das administracións públicas só poderán facerse:
- A) Por medio dunha disposición xeral publicada no Boletín Oficial do Estado.
 - B) Por medio dunha disposición xeral publicada no diario oficial correspondente.
 - C) Por medio dunha disposición xeral publicada no Boletín Oficial do Estado ou diario oficial correspondente.
 - D) Ningunha das anteriores é correcta.
9. Despois de cada renovación do Congreso dos Deputados, quen propoñerá un candidato á Presidencia do Goberno?
- A) O presidente do Congreso.
 - B) O secretario xeral do partido con maioría.
 - C) O presidente en funcións.
 - D) O rei.
10. Cal dos seguintes órganos que a continuación se indican é o encargado de elaborar o Plan de hemodoazón e hemoterapia de Galicia?
- A) A Consellería de Sanidade.
 - B) O Consello de Xunta de Galicia.
 - C) A Asociación Galega de Hematoloxía e Hemoterapia.
 - D) A Comisión de Hemodoazón e Hemoterapia.
11. No ámbito da lei galega, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, o prazo mínimo de conservación da información contida na historia clínica do paciente que non deba de conservarse indefinidamente é de:
- A) 1 ano desde a última asistencia prestada ao paciente ou desde o seu falecemento.
 - B) 10 anos desde a última asistencia prestada ao paciente ou desde o seu falecemento.
 - C) 5 anos desde a última asistencia prestada ao paciente ou desde o seu falecemento.
 - D) 6 meses desde a última asistencia prestada ao paciente ou desde o seu falecemento.
12. O custo das medidas relativas á seguridade e á saúde no traballo non deberán recaer de ningún xeito sobre:
- A) O empresario.
 - B) A Administración pública.
 - C) Os traballadores.
 - D) Ningunha é correcta.